

The background features a large, irregular watercolor splash in shades of teal and light green. In the top right corner, there is a small illustration of a leafy branch. In the bottom left corner, there is another illustration of a leafy branch. The text is centered over the watercolor splash.

Sem medo de medrar

**Creamos unha
nova palabra**

Descubrimos que a lingua
xaponesa ten unha
palabra que designa a flor
da cerdeira "SAKURA" e
unha palabra que designa
o feito de contemplar
estas flores "HANAMI"



Sabedes cal é o nome
desta flor en galego?

Exacto ! Non existe....
así que o alumnado de
3º ESO C do IES
Laxeiro de Lalín,
comezou a traballar
para buscar un nome
para a flor da cerdeira
e a súa zona de
plantación.

Observouse que existe un nome
para a flor do toxo, *chorima*, e
nomes de plantacións como *souto*,
carballeira ou *pomar*.



Empezaron a
investigar o étimo
latino "prunus" e
fixeron a súa evolución
como cultismo e como
palabra patrimonial



Averiguaron que o termo
abruño, que designa o
froito do arbusto "prunus
spinosa" tamén procede do
mesmo étimo, por vía
patrimonial. E outros
derivados como abruñal,
abruñeiro ou abruñado.



Foron coñecedores de que
nos dicionarios galegos
aparece o termo cerdeiral
como lugar onde abundan
as cerdeiras e tamén na
toponimia:
Cerdedo, Cereixedo...



Sobre esta base o alumnado
escolle como proposta para a
denominación da flor das
cerdeiras **PRUNIA** e o nome
que designaría o lugar de
plantación sería **PRUNEDO**,
como derivados cultos do étimo



Así que, na próxima plantación dun bosque de árbores da familia dos prunus en Ourense e en Lalín , con motivo da conmemoración do Día da Árbore (21 de marzo), usarase esta nova terminoloxía proposta polo alumnado.



*Para máis información
sobre o proxecto poderedes
consultar o seguinte enlace*

<https://view.genial.ly/63f48267ff26d60017001fff/learning-experience-didactic-unit-como-se-crea-unha-palabra>



RECORDADE que o gaiteiro
pode MEDRAR e isto
é cousa dos falantes.

